



SAÚDA

É a segunda vez que en Cangas e grazas ao Clube Ánfora, temos o pracer de disfrutar de un campionato de España de patinaxe artística, oito anos despois voltamos a ter entre nos as mellores e os mellores patinadores.

Este deporte require moitos sacrificios, pero tamén da satisfaccións, tanto aos deportistas coma aos que admiramos os movementos sobre a pista. Expectación, empuxe, música, sensacións únicas e irrepetibles que todas e todos disfrutamos, momentos inolvidables que permanecen na nosa retina, Victorias, que non derrotas, porque @s deportistas co apoio d@s adestradores, das súas familias, dos seus clubs e do público, teñen o empuxe necesario para superarse e continuar, e mellorar, e voltar a competir porque esta é a súa forma de vida, un deporte completo e complexo que aman e sinten.

Agora temos a oportunidade de compartir con eles e elas os seus sentimentos, patinadores e siareiros xuntos, e estou convencida que o noso concello e o Clube Ánfora en particular, anfitrión do campionato, estará a altura. As actividades complementarias que están organizadas, cea, festa, xira turística pola nosa ría, amosarán aos participantes, delegados, membros federativos e acompañantes, a calidade humana das nosas xentes e a fermosura da nosa terra, estou segura que o Clube Ánfora, un dos mellores clubs de Cangas tanto traballando coa base coma a nivel xeral, vai ser merecedor de parabéns e eloxios, e que o noso concello quedará gravado nos corazóns. O Día de Galicia, moitos e moitas despediranse desexando voltar e aquí estará sempre un pobo acoledor que admira este gran deporte e @s recibirá cos brazos abertos.

Asdo. Clara Millán González

Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cangas